

Mesa Sectorial 19/12/2008

Borrador de DECRETO POLO QUE SE REGULA O SISTEMA DE CARREIRA PROFESIONAL NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA.

O artigo 118 da recente Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, dentro da regulación do réxime xurídico especial dos empregados e empregadas públicos do Sistema Público de Saúde de Galicia, dispón que se establezan mecanismos de carreira profesional articulados nun sistema de graos para o persoal estatutario e, de acordo coa súa normativa básica, para o resto do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia, de forma que se posibilite a promoción do persoal e o cumprimento dos obxectivos da organización. Engade que os sistemas de carreira basearanse no recoñecemento do desenvolvemento profesional en canto ao cumprimento dos obxectivos da organización, dos coñecementos e da experiencia profesional na administración sanitaria.

Atendendo a ese mandato do lexislador, o presente Decreto diseña un sistema de carreira profesional que procura o desenvolvemento do sistema sanitario, de acordo co principio de calidade asistencial e de mellora permanente das prestacións sanitarias, mediante o recoñecemento de sucesivos graos ao persoal cuxa traxectoria e conduta profesional, nos seus diversos aspectos, se manifesta acorde con dito principio de calidade e mellora.

No que se refire ao ámbito de aplicación do sistema de carreira, e sen prexuízo das adaptacións que resulte preciso executar no futuro respecto a outros colectivos como consecuencia da evolución normativa e organizativa da administración sanitaria, o Decreto refírese ao persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia e ao persoal con outra relación xurídica transferido a dito Sistema como consecuencia do traspaso das institucións sanitarias das corporacións locais ou da Administración do Estado. Dase así cumprimento aos mandatos da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, do Estatuto Marco aprobado pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, e da propia Lei de Saúde, de establecer sistemas de carreira accesibles a todo o persoal.

Por outra parte, no que se refire aos posibles efectos retributivos do recoñecemento dos graos de carreira, que a Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias non impón por tratarse dunha materia propia do réxime xurídico que rexa a relación de emprego de cada profesional coa organización sanitaria, o Decreto prevé a percepción do complemento de carreira por parte do persoal estatutario fixo, aténdose así ao corpo lexislativo regulamentador do réxime retributivo dos empregados públicos. A estes efectos convén indicar que todo o persoal incluído no ámbito de aplicación do sistema de carreira ten a condición

Mesa Sectorial 19/12/2008

de estatutario ou tivo a posibilidade de integrarse na dita condición en periódicas e sucesivas ofertas de integración.

Polo demais, a regulación desta materia nos termos expostos maniféstase tamén como a traslación ao sistema de carreira do obxectivo en materia de planificación de recursos humanos, e ao mesmo tempo encomenda realizada á Administración Sanitaria polo artigo 112 da Lei de Saúde, de homoxeneizar as relacións de emprego mediante ofertas de integración directa e voluntaria do persoal na condición de persoal estatutario; en consecuencia, as ofertas de integración que deben reiterarse no futuro serán o mecanismo para que o persoal con outro vínculo distinto ao estatutario devese en perceptor do complemento de carreira.

A estrutura de graos en que se configura o sistema (grao inicial; graos I a IV), o requisito de permanencia no grao inferior para poder solicitar a avaliación de méritos precisa para acceder ao superior, así como a estrutura básica dos baremos, respostan ao requerimentos que con carácter de normativa básica establece a Lei de ordenación das profesións sanitarias para o desenvolvemento profesional do persoal sanitario de titulación universitaria, e que incorpora pola vía da remisión o Estatuto Marco permitindo a súa adaptación ás características organizativas, sanitarias e asistenciais de cada servizo de saúde. No tocante aos outros colectivos de persoal –sanitario de formación profesional e de xestión e servizos–, o sistema resposta ás mesmas liñas xerais e introduce as modulacións que resultan precisas polas características do colectivo e das funcións que desenvolve no sistema.

Particularmente, no que se refire aos baremos, óptase por fixar no presente Decreto a estrutura básica dos mesmos –nun deseño dirixido a promover o desenvolvemento profesional na súa globalidade, pero sempre adaptado ás posibilidades persoais e ás condicións das diferentes institucións e categorías–, habilitando á Administración Sanitaria para proceder ao seu desenvolvemento e publicación. Esta opción preséntase como a máis axustada á realidade cando se trata de establecer un sistema promocional da calidade asistencial e da mellora permanente das prestacións sanitarias nunha organización cunha estrutura de categorías e postos e unha ordenación da actividade especialmente complexas. Con todo, nesa laboura de desenvolvemento do sistema de avaliación outórgase relevancia á participación do persoal a través das organizacións representadas na Mesa Sectorial.

Aínda que o obxecto principal deste Decreto é establecer as bases do sistema futuro de carreira profesional axustado á normativa de aplicación xa citada, merece tamén especial consideración o réxime transitorio establecido para a transición a ese sistema desde os diferentes réximes extraordinarios xa implantados pola vontade da Mesa Sectorial expresada en diversos Acordos

Mesa Sectorial 19/12/2008

posteriormente aprobados polo Consello da Xunta (co rango de Decreto no caso do persoal licenciado sanitario).

Convén de principio destacar que ditos procedementos extraordinarios foron acordados e iniciados para ser executados unha única vez –en determinadas condicións e con carácter previo ao sistema ordinario– coa finalidade de que o persoal fixo se desenvolvera no futuro nese sistema ordinario desde un encadramento excepcional axustado á súa previa traxectoria profesional e aportación ao sistema. O réxime de transición baséase nesa natureza esencial dos réximes extraordinarios e realízase en cumprimento de determinadas bases que ao respecto estableceron os pasados Acordos co propósito de enmendar determinadas disfuncións resultantes do deseño inicial do sistema.

Así, nese réxime de transición, sobre a base de recoñecer plenos efectos futuros aos graos recoñecidos polo réxime sistema extraordinario, incorpórase un mecanismo que permite ao persoal incluído no ámbito de aplicación de ditos réximes reducir, nos termos acordados na Mesa Sectorial, o período de permanencia necesario para incorporarse ao grao seguinte; outórgase un especial tratamento, en función da súa previa experiencia profesional, ao persoal que ten acadado a condición de fixo nos procesos selectivos recentemente tramitados; por último, prevese a posibilidade que o persoal temporal se incorpore de modo inmediato ao grao inicial do sistema de carreira, o que lle posibilitará que, tras acadar a condición de fixo, poida acceder nun breve prazo ao grao I de carreira profesional.

O presente Decreto dítase trala preceptiva negociación na Mesa Sectorial.

Na súa virtude, por proposta da consellería de Sanidade, de acordo co dictame núm. ..., do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación no Consello da Xunta na súa reunión do día...,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Este Decreto, aprobado en desenvolvemento do previsto no artigo 118 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, ten por obxecto establecer no Sistema Público de Saúde de Galicia o sistema de carreira profesional para o persoal estatutario e, de acordo coa súa normativa básica, para o resto do persoal de dito sistema.

Mesa Sectorial 19/12/2008

Artigo 2. Obxectivos do sistema de carreira profesional.

A implantación do sistema de carreira profesional establecido neste Decreto procurará os seguintes obxectivos:

- a) Propiciar o desenvolvemento do sistema sanitario de acordo co principio de calidade asistencial e de mellora permanente das prestacións sanitarias.
- b) Xerar unha maior corresponsabilidade do profesional e fomentar a cultura de compromiso coa organización na que presta os seus servizos, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.
- c) Crear un sistema recoñecemento do desenvolvemento profesional acadado polo persoal do sector público sanitario, de forma pública, expresa e individualizada.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

Poderá acceder ao sistema de carreira profesional regulado no presente Decreto, nos termos e condicións previstos no mesmo, o persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia e o persoal con outra relación xurídica transferido a dito Sistema como consecuencia do traspaso das institucións sanitarias das corporacións locais ou da Administración do Estado.

Artigo 4. Principios xerais.

O sistema de carreira configúrase con base nos seguintes principios:

- Voluntariedade na súa participación: o acceso ao sistema é voluntario, por solicitude do persoal interesado incluído no seu ámbito.
- Progresividade e gradualidade: O progreso no sistema de recoñecemento da carreira profesional artículase nun grao inicial e catro graos, que serán de acceso sucesivo. O acceso aos diferentes graos será progresivo e sucesivo ao longo da vida laboral, de forma que para o acceso a un grao superior deberá acreditarse un período de permanencia no grao inmediatamente inferior.
- Persoalidade: o recoñecemento do grao terá carácter persoal e individual.
- Publicidade: recoñecemento público e expreso do grao acadado por cada profesional no exercicio conxunto das funcións que lle son propias.
- mérito, capacidade e competencia profesional: a obtención do primeiro grao, e o acceso aos superiores, requirirá a avaliación favorable dos méritos do

Mesa Sectorial 19/12/2008

interesado, de acordo con baremos públicos adaptados á correspondente profesión ou categoría e relacionados, segundo o caso, cos coñecementos, competencias, actividade asistencial ou desempeño do posto, formación, actividade docente, investigación e implicación e compromiso coa organización.

- Homologación: o recoñecemento dos sucesivos graos da carreira profesional será homologable co resto de sistemas de recoñecemento do Sistema Nacional de Saúde.

- Actualización: o sistema de recoñecemento do desenvolvemento profesional estará dirixido a promover a actualización dos coñecementos e competencias profesionais.

- Flexibilidade: o sistema de recoñecemento do desenvolvemento profesional, e especialmente os baremos de avaliación, serán obxecto de revisión periódica para adaptarse aos obxectivos da organización e ás esixencias da calidade asistencial en cada momento, coa finalidade de acadar unha mellora permanente das prestacións sanitarias.

- Sen cotas: o número de profesionais que poden acceder a cada grao non estará limitado.

- Irreversibilidade: o grao recoñecido terá carácter irreversible e consolidable no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Artigo 5. Efectos da carreira profesional.

O recoñecemento de graos de carreira outorgará aos profesionais os seguintes dereitos:

a) Á súa constancia para os efectos do currículo.

b) A facer constar publicamente o grado de desenvolvemento que teñan acadado.

c) A acceder ao grao superior sempre que se acrediten os demais requisitos esixidos.

d) Á percepción do complemento de carreira ao que se refire o parágrafo e) do artigo 43.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, nos termos establecidos o artigo 11 do presente Decreto.

Non obstará ao o recoñecemento dos graos de carreira profesional a prestación de servizos baixo réxime xurídico distinto do estatutario; xa que logo, o complemento de carreira devengarase, en correspondencia co grao de

Mesa Sectorial 19/12/2008

carreira que tivese acadado, no caso e dende o intre en que o persoal se integre no réxime estatutario e pase a ser retribuído de conformidade co dito réxime, agás que o réxime xurídico que lle fose de aplicación dispuxese outra cousa, caso no que haberá que estar ao expresamente previsto nel.

Artigo 6.- Recoñecemento dos sucesivos graos. Requisitos

Para acceder ao recoñecemento dos sucesivos graos (I a IV), o profesional deberá cumprir os requisitos seguintes:

- a) Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 3 deste Decreto con praza en propiedade.
- b) Estar en situación de activo ou asimilada. Enténdese por situación asimilada á de activo calquera que supoña reserva de posto ou praza da correspondente categoría consonte á normativa vixente. Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario.
- c) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao.
- d) Acreditar o período de permanencia establecido no artigo 7 deste Decreto.
- e) Superar a correspondente avaliación.

Para o acceso ao grao inicial aplicaranse os requisitos previstos nos puntos b) e c) e a normativa específica establecida no artigo 7.

Artigo 7. Estrutura do sistema de recoñecemento de graos.

O sistema estrutúrase nun grao inicial e catro graos.

l) Grao inicial: O grao inicial establécese como punto de partida da carreira profesional. A este grao poderá acceder, previa solicitude, todo o persoal fixo ou temporal, e suporá a opción por incorporarse ao sistema de avaliación de carreira profesional na correspondente categoría.

A División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde establecerá o modelo ou modelos de solicitude de incorporación ao grao inicial.

O grao inicial non comportará efectos económicos.

Mesa Sectorial 19/12/2008

O persoal fixo dunha categoría que pase a prestar servizos noutra por promoción interna recibirá o mesmo tratamento, para os efectos de carreira profesional, que o persoal desta última categoría. En consecuencia, poderá acceder á carreira nesa nova categoría coa súa incorporación ao grao inicial e conseguinte inicio do período de permanencia preciso para acceder ao grao I.

Este persoal manterá o dereito a percibir o complemento de carreira resultante dos graos que poida ter recoñecidos na categoría de orixe, nos termos previstos no artigo 11.

Cando o acceso á nova categoría se produza por promoción interna temporal, e dado que se mantén a situación de activo na categoría de orixe, o período correspondente tamén poderá computar como período de permanencia para os efectos de poder acceder ao grao seguinte na mesma.

Segundo o previsto no artigo 9, o sistema de avaliación adaptarase para atender a estas situacións, mediante criterios singulares previamente tratados no comité central de avaliación.

II) Graos I a IV

Para progresar nos graos I a IV será preciso permañecer un número de anos no grao anterior, e superar a avaliación establecida para cada grao.

- Licenciados sanitarios (períodos de permanencia):

Grao I (referente): poderase acceder ao mesmo tras 5 anos de permanencia no grao inicial.

Grao II (referente superior): poderase acceder ao mesmo tras 5 anos de permanencia no grao I.

Grao III (experto): poderase acceder ao mesmo tras 6 anos de permanencia no grao II.

Grao IV (experto consultor): poderase acceder ao mesmo tras 7 anos de permanencia no grao III.

- Diplomados sanitarios (períodos de permanencia):

Grao I (referente): poderase acceder ao mesmo tras 5 anos de permanencia no grao inicial.

Mesa Sectorial 19/12/2008

Grao II (referente superior): poderase acceder ao mesmo tras 6 anos de permanencia no grao I.

Grao III (experto): poderase acceder ao mesmo tras 7 anos de permanencia no grao II.

Grao IV (experto consultor): poderase acceder ao mesmo tras 7 anos de permanencia no grao III.

- Persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional (períodos de permanencia):

Grao I (referente): poderase acceder ao mesmo tras 5 anos de permanencia no grao inicial.

Grao II (referente superior): poderase acceder ao mesmo tras 6 anos de permanencia no grao I.

Grao III (experto): poderase acceder ao mesmo tras 7 anos de permanencia no grao II.

Grao IV (experto consultor): poderase acceder ao mesmo tras 7 anos de permanencia no grao III.

Para os efectos de completar o período de permanencia será computado o tempo transcorrido en situación de servizo activo ou asimilada (calquera que supoña reserva de posto ou praza da correspondente categoría consonte á normativa vixente). En todo caso computará o tempo nas seguintes situacións: situación de activo na propia categoría (inclúe promoción interna temporal a outra categoría); desempeño de postos da relación de postos de traballo do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade; desempeño de altos cargos das referidas estruturas; desempeño de postos directivos das institucións sanitarias do Organismo Autónomo ou outras entidades adscritas á Consellería de Sanidade; situación de servizos especiais motivada polo acceso a unha praza de formación sanitaria especializada nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 8. Sistema de avaliación.

O sistema de avaliación para progresar na carreira profesional configúrase con base nos seguintes principios:

Mesa Sectorial 19/12/2008

- a) Publicidade: os baremos serán publicados e difundidos no tempo e na forma precisos para que os profesionais poidan planificar o seu progreso na carreira profesional.
- b) Obxectividade: tenderase á aplicación de sistemas obxectivos de avaliación (indicadores obxectivables).
- c) Posibilidade de utilizar sistemas de autoavaliación, de avaliación dos superiores xerárquicos e dos membros do servizo, unidade ou equipo, sometidos a contraste.
- d) Utilizarase o “crédito” como unidade de avaliación.
- e) Para a fixación dos baremos atenderase ao desenvolvemento profesional na súa globalidade, de forma que poderán establecerse fórmulas que permitan compensar o maior ou menor desenvolvemento dos diversos aspectos suxeitos a avaliación.
- f) sen prexuízo do sinalado no punto anterior, poderá fixarse un número mínimo de créditos, necesario para superar a avaliación, referido ás diversas áreas en que se estrutura o baremo.
- g) Os baremos de méritos, e o proceso de avaliación, poderán modularse en atención ao grao de especialización das diversas institucións e ás súas características organizativas e/ou asistenciais.
- h) caducidade de méritos: valoraranse exclusivamente os méritos acadados durante o período no que o profesional permaneceu encadrado no grao inmediatamente inferior (poderán establecerse excepcións, con determinados límites e baixo determinadas condicións, para apartados concretos dos baremos, sen que isto supoña que o mesmo mérito poida ser computado para o acceso a graos diferentes).
- i) progresividade: o número mínimo de créditos necesario para acceder aos sucesivos graos será maior consonte se ascende na estrutura de graos.

Como Anexos do presente Decreto figuran a estrutura básica dos baremos. A Administración Sanitaria, previo tratamento no comité central de avaliación, desenvolverá os baremos e publicará e actualizará os elementos e indicadores que compoñen cada unha das áreas de avaliación e os criterios para realizar dita avaliación, coa finalidade de manter a súa consonancia cos obxectivos da organización.

Os baremos axustaranse, mediante criterios singulares, para atender ás situacións nas que o persoal non desempeñe de modo efectivo a profesión ou funcións que correspondan o seu nomeamento; entre outras: incapacidade temporal; promoción interna temporal a outra categoría; exercicio da función

Mesa Sectorial 19/12/2008

directiva nas institucións sanitarias ou nas estruturas da administración pública sanitaria; actividade sindical; situacións amparadas pola normativa regulamentadora da conciliación da vida familiar e laboral; actividades de cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria no ámbito da saúde.

O comité central de avaliación propondrá os criterios singulares de baremación que resulten precisos para o persoal sanitario de cota e zona (atención primaria e especializada).

Igualmente estableceranse as adaptacións do Baremo que resulten precisas para o persoal dos centros ou unidades sanitarios de investigación.

Artigo 9. Órganos de avaliación.

Crearanse catro Comités de Avaliación Centrais: de persoal licenciado sanitario, de persoal diplomado sanitario, de persoal sanitario de formación profesional e de persoal de xestión e servizos.

Nas institucións sanitarias (de ser o caso, áreas sanitarias) constituiranse, con carácter xeral, un comité de avaliación por cada un dos grupos referidos.

Estes órganos de avaliación terán a consideración de órganos colexiados, rexéndose o seu funcionamento polo disposto no capítulo II título II da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

1) Comités de Avaliación Centrais.

Ditos comités constituirase nos Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde, onde terán a súa sede.

- Funcións: as súas funcións serán as seguintes:

a) Propoñer criterios/ser oídos sobre:

- Obxectivos de actividade e calidade a establecer polo Servizo Galego de Saúde (os citados obxectivos serán comúns para cada período a avaliar, e poden sufrir algunhas variacións en canto ao número e prioridades nos diferentes anos, dependendo da estratexia fixada polo Servizo Galego de Saúde).

- Indicadores obxectivables para a valoración na consecución dos obxectivos de actividade e calidade asistencial, así como a súa adaptación no caso que se introduzan modificacións no período a avaliar.

Mesa Sectorial 19/12/2008

- Cuestionarios estandarizados para que os superiores xerárquicos poidan emitir os informes de avaliación.

- Baremos de avaliación. Estes baremos poden variar en función de que se trate de Hospitais Universitarios, Comarcais, Atención Primaria, Área Sanitaria e diferentes profesionais do Sistema.

- Cuestionarios estandarizados que permitan determinar do xeito máis obxectivo os créditos a outorgar na Área de Implicación e compromiso coa organización.

b) Aprobar as normas de funcionamento do propio comité e dos comités das institucións.

c) Coordinar o funcionamento dos comités das institucións.

d) Informar as reclamacións que se presenten en relación coas decisións adoptadas polos comités das institucións, cando así lle sexa solicitado por afectar a materias que sexan competencia do propio comité central de avaliación.

e) Aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas pola normativa de desenvolvemento deste Decreto.

- Composición:

Os Comité de Avaliación Centrais estarán compostos por dezaseis membros: a persoa que exerza a Presidencia e quince vogais, todos eles con dereito a voto (cos seus respectivos suplentes). Exercerá a presidencia do Comité de Avaliación Central o Secretario Xeral do Servizo Galego de Saúde ou persoa en quen delegue. O Presidente exercerá o voto de calidade no caso de que fora preciso.

As persoas que desempeñen as vogalías dos Comités de Avaliación Centrais serán nomeadas polo Secretario Xeral do Servizo Galego de Saúde consonte ás seguintes normas:

- Sete representantes da administración sanitaria designados directamente polo Secretario Xeral do Servizo Galego de Saúde.
- Cinco vogais nomeados a proposta das organización sindicais representadas na Mesa Sectorial.
- Tres vogais de recoñecido prestixio e ampla experiencia.

A Secretaría será exercida por un profesional, con voz pero sen voto, designado pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Mesa Sectorial 19/12/2008

O nomeamento dos membros dos comités centrais farase por un período de catro anos, sen prexuízo de que poidan ser novamente designados (no caso dos membros propostos polos colexios profesionais e organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial, para a nova designación requirirase a ratificación da correspondente proposta). O Secretario Xeral do Servizo Galego de Saúde poderá revogar os nomeamentos (de ser caso, cando así o propoñan as correspondentes organizacións).

2) Comités de avaliación de institución sanitaria.

- Funcións:

- a) Realizar a avaliación para o acceso aos graos de carreira profesional.
- b) Solicitar os informes complementarios que estime conveniente para realizar a avaliación, tanto ao xefe de Servizo ou Unidade como o membro do Equipo Directivo responsable.
- c) Emitir os informes que lle sexan solicitados acerca da avaliación.
- d) Formular proposta ao órgano con competencia en materia de recoñecemento de graos de carreira profesional, en relación co resultado da avaliación.
- e) Aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas pola normativa de desenvolvemento deste Decreto.

- Composición (para a avaliación do persoal sanitario con titulación universitaria):

Estes comités estarán compostos por dez membros; a persoa que exerza a Presidencia e nove vogais con dereito a voto (e os seus respectivos suplentes). O comité deberá estar composto, na súa maioría, por profesionais da mesma profesión sanitaria do avaliado.

Desempeñará a Presidencia do Comité de Avaliación a persoa titular da Xerencia de Área ou Centro Asistencial, ou persoa en quen delegue. O Presidente exercerá o voto de calidade no caso de que fora preciso.

As persoas que desempeñen as vogalías serán nomeadas polo titular da Xerencia de Área ou Centro Asistencial consonte ás seguintes normas:

- Catro membros do equipo directivo da área ou centro sanitario, sendo un deles o Director/a da área da profesión a avaliar.

Mesa Sectorial 19/12/2008

- Un profesional do servizo/unidade que se vaia avaliar proposto polo persoal do servizo ou unidade.
- Un vogal con experiencia en avaliar ou que pertenza a axencias de calidade, organizacións ou sociedades científicas ou, no seu defecto un profesional con experiencia en avaliación.
- Dous vogais elixidos pola Comisión Asistencial do Centro ou Área Sanitaria. Estes membros poderán variar en función dos profesionais a avaliar.
- A persoa que exerza a presidencia da correspondente comisión de centro ou xunta de persoal, ou outra persoa que dito órgano designe.

A Secretaría será exercida, con voz pero sen voto, por un profesional da área de recursos humanos nomeado polo titular da xerencia da institución ou área.

O responsable do servizo ou unidade poderá ser chamado ao proceso de avaliación dalgún ou todos os membros do seu servizo, con voz pero sen voto, se así o estima oportuno o Comité.

- Composición (para a avaliación de persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional):

Estes comités estarán compostos por dez membros; a persoa que exerza a Presidencia e nove vogais con dereito a voto (e os seus respectivos suplentes).

Desempeñará a Presidencia do Comité de Avaliación a persoa titular da Xerencia de Área ou Centro Asistencial, ou persoa en quen delegue. O Presidente exercerá o voto de calidade no caso de que fora preciso.

As persoas que desempeñen as vogalías serán nomeadas polo titular da Xerencia de Área ou Centro Asistencial respectando as seguintes normas:

- Un membro do equipo directivo da área ou centro sanitario.
- Un profesional do servizo/unidade que se vaia avaliar proposto polo persoal do servizo ou unidade.
- Un profesional con experiencia en avaliar.
- A persoa que exerza a presidencia da correspondente comisión de centro ou xunta de persoal, ou outra persoa que dito órgano designe.

Os membros poderán variar en función dos profesionais a avaliar.

A Secretaría será exercida, con voz pero sen voto, por un profesional da área de recursos humanos nomeado polo titular da xerencia da institución ou área.

O responsable do servizo ou unidade poderá ser chamado ao proceso de avaliación dalgún ou todos os membros do seu servizo, con voz pero sen voto, se así o estima oportuno o Comité. Igualmente, e nas mesmas condicións,

Mesa Sectorial 19/12/2008

poderá ser chamado ao proceso de avaliación persoal que actúe como asesor técnico.

O nomeamento dos membros dos comités farase por un período de catro anos, sen prexuízo de que poidan ser novamente designados. O titular da Xerencia poderá revogar os nomeamentos. Para unha nova designación do representante da comisión de centro ou xunta de persoal, ou para a revogación do seu nomeamento, o titular da Xerencia atenderá á proposta que ao respecto realice dite órgano de representación.

Artigo 10. Procedemento para o recoñecemento dos graos (I a IV).

A División de de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde establecerá os modelos de solicitude de avaliación para o acceso aos graos I a IV, determinando a documentación que procede incorporar xunto a dita solicitude.

As solicitudes poderán presentarse en calquera momento tralo cumprimento do requisito de permanencia no grao anterior establecido para cada caso no presente Decreto.

Trala constatación de que o solicitante acredita os requisitos para acceder á correspondente avaliación, trasladarase a solicitude e documentación anexa ao correspondente comité de avaliación, que poderá requirir ao solicitante calquera aclaración ou documentación adicional sobre os méritos aportados.

O órgano de avaliación propondrá á División de de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde a estimación ou desestimación do recoñecemento de grao. Este centro directivo ditará resolución sobre o recoñecemento de grao no prazo de seis meses contado desde a data de presentación da solicitude. No caso de non ditarse a resolución nese prazo, a solicitude entenderase desestimada. A estimación do recoñecemento de grao producirá efectos o día 1 do mes seguinte á presentación da solicitude.

As normas de funcionamento dos órganos de avaliación establecerán mecanismos que permitan ditar as resolucións no prazo referido, garantindo a celebración dunha sesión de avaliación cada seis meses (ou período inferior, cando así o requira o número de solicitudes pendentes).

As propostas dos comités desfavorables ao recoñecemento de grao serán notificadas á persoa solicitante, coa finalidade de que poida formular alegacións con carácter previo á resolución.

Mesa Sectorial 19/12/2008

Avaliación negativa: No caso de que a avaliación sexa negativa, o profesional poderá solicitar unha nova avaliación transcorridos dous anos dende esta (para estes efectos atenderase á data en que foi presentada a solicitude de avaliación).

Artigo 11. Complemento de carreira

O grao de carreira recoñecido ao persoal estatutario fixo retribuirase mediante o complemento de carreira establecido como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente grao e categoría. As contías anuais que se perciban por este complemento devengarase en 12 mensualidades e serán as fixadas no Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, de 13 de xuño), sobre réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal licenciado sanitario, no Acordo de 4 de xullo de 2006, sobre acceso extraordinario á carreira profesional do persoal diplomado sanitario (DOG nº 155, de 11 de agosto), e no Acordo de 21 de xuño de 2007 (DOG nº 208, de 26 de outubro), sobre acceso extraordinario á carreira profesional do persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional.

Este complemento percibirase en todo caso na situación de servizo activo na correspondente categoría e durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración Sanitaria.

Consonte ao que antecede, o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente ao grao recoñecido manterase durante as seguintes situacións: situación de activo na propia categoría ou noutra á que se acceda por promoción interna; actividade sindical; desempeño de postos da relación de postos de traballo do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade; desempeño de altos cargos das referidas estruturas; desempeño de postos directivos das institucións sanitarias do Organismo Autónomo ou outras entidades adscritas á Consellería de Sanidade; situación de servizos especiais motivada polo acceso a unha praza de formación sanitaria especializada nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

No suposto de que se teñan recoñecidos graos en diversas categorías, cada grao da categoría de grupo superior –entendido como aquel cuxa contía por grao é superior– absorberá un grao das categorías de grupo inferior.

O complemento de carreira absorberá os complementos persoais transitorios de conformidade coa normativa orzamentaria, agás o complemento persoal do persoal integrado no novo modelo de atención primaria ao abeiro da disposición transitoria primeira do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mesa Sectorial 19/12/2008

Artigo 12.- Recoñecemento dos graos de carreira profesional acadados noutros Servizos de Saúde.

1.- O Servizo Galego de Saúde recoñecerá, para todos os efectos, os graos de carreira recoñecidos e acreditados polo persoal estatutario fixo que se incorpore ao servizo activo no Organismo polos sistemas previstos no capítulo VII da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e normativa de desenvolvemento.

O recoñecemento realizarase por solicitude do interesado, que deberá aportar a resolución de recoñecemento de grao ditada polo órgano competente do servizo de saúde de orixe. Dita solicitude poderá presentarse a partir da incorporación efectiva a un posto do Servizo Galego de Saúde.

2.- O recoñecemento do grao suporá a incorporación ao sistema de carreira do Servizo Galego de Saúde, co conseguinte dereito a percibir o complemento de carreira na contía correspondente.

3.- Para os efectos de acceder ao grao seguinte aplicarase o período de permanencia establecido neste Decreto, tomando en consideración o período de permanencia xa acreditado no servizo de saúde de orixe.

Os órganos de avaliación, cando analicen a solicitude de acceso a un novo grao, avaliarán tamén os méritos correspondentes ao período de permanencia no servizo de saúde de orixe. Esta avaliación realizarase consonte aos criterios aplicables no Servizo Galego de Saúde, debendo o órgano de avaliación requirir ao solicitante a documentación que sexa precisa para valorar eses méritos nas mesmas condicións –ou semellantes, se iso non resulta posible– ás aplicadas no período que se complete no Organismo.

Disposicións adicionais

Primeira.-

Na execución do sistema de carreira profesional aplicarase o principio xeral de que o mesmo período de tempo non poderá ser computado para progresar na carreira de diversas categorías, xa sexa na consideración como experiencia profesional, propia dos réximes extraordinarios, ou como período de permanencia entre graos propia do réxime ordinario.

Mesa Sectorial 19/12/2008

Segunda.-

Trala entrada en vigor deste Decreto realizarase unha nova oferta de integración no réxime estatutario dirixida ao persoal funcionario e laboral fixo das institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. O grao inicial que solicite o persoal integrado nesa oferta retrotraerá os seus efectos a 1 de xullo de 2008. O acceso ao grao I poderá solicitarse tras un período de permanencia de 3 anos nese grao inicial.

Disposicións transitorias

Primeira.- Persoal incluído no ámbito de aplicación dos procesos extraordinarios de carreira profesional.

1) O grao recoñecido consonte os diversos réximes extraordinarios de encadramento producirá plenos efectos no réxime ordinario de carreira profesional.

2) O persoal que teña rematado o seu progreso polo réxime extraordinario poderá solicitar o acceso ao grao seguinte unha vez que transcorra un período de permanencia de tres anos contado a partir da data de efectos do último grao recoñecido, e sempre que acredite o período de experiencia profesional establecido no réxime extraordinario para acceder a ese novo grao. A experiencia profesional será computada consonte ao previsto no réxime extraordinario de aplicación e cos seguintes criterios adicionais:

- No caso do persoal licenciado sanitario engadirase para o cómputo o 50 % do período de servizos prestados noutra categoría e/ou especialidade de licenciados sanitarios.

- Para o persoal diplomado sanitario engadirase para o cómputo o 50 % do período de servizos prestados noutra categoría de diplomados sanitarios non computados no réxime extraordinario.

- Computaranse os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas, coa equivalencia en días prevista para os procesos selectivos.

- Para todos os colectivos: Os servizos prestados poderán completarse con outros prestados na mesma categoría e/ou especialidade, como persoal funcionario ou laboral, nas institucións sanitarias adscritas ao Servizo Galego de Saúde ou á Consellería de Sanidade.

3) O persoal fixo incluído no ámbito de aplicación dos réximes extraordinarios, que non teña acreditado no seu momento a experiencia mínima de cinco anos para acceder ao grao I, poderá solicitar dito grao no intre en que acredite dito

Mesa Sectorial 19/12/2008

período de experiencia profesional. A experiencia profesional será computada consonte ao previsto no réxime extraordinario de aplicación e no punto 2 anterior.

4) O persoal que, aínda tendo acreditada a experiencia profesional precisa para acceder a un grao, non tivera accedido ou non acceda a dito grao como consecuencia dunha avaliación negativa, poderá solicitar dito grao logo de transcorridos dous anos de servizos prestados desde a data de efectos prevista no réxime extraordinario para dito grao.

5) Para acceder ao grao I ou seguintes consonte ao previsto nos puntos anteriores deberá obterse avaliación favorable nos termos previstos nos correspondente réximes extraordinarios. No caso do persoal licenciado sanitario, o grao de cumprimento dos obxectivos asistenciais quedará referido ao período dos tres exercicios anteriores ao do ano en que o interesado presente a súa solicitude do grao correspondente (dous anos para o suposto previsto no punto 4 anterior).

6) As solicitudes de recoñecemento de grao que se baseen no réxime establecido nos puntos anteriores poderán presentarse a partir da entrada en vigor do presente Decreto, utilizando os modelos de instancia que para tales efectos estableza a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Os recoñecementos de grao que se produzan pola estimación de ditas solicitudes terán efectos económicos e administrativos desde o día 1 do mes seguinte á presentación da solicitude. Porén, no suposto de que os requisitos de permanencia e servizos prestados se teñan cumprido nunha data anterior á entrada en vigor do presente Decreto, os efectos administrativos do recoñecemento retrotraeranse ao día 1 do mes seguinte a aquel en que se cumpriron ditos requisitos, coa data límite do 1 de xullo de 2008. Nesa data á que se retrotraian os efectos administrativos iníciarase o cómputo do período de permanencia preciso para o acceder ao grao seguinte consonte ao sistema regulado neste Decreto.

Segunda.- Persoal que acadou a condición de fixo polos procesos selectivos tramitados en execución das ofertas públicas de emprego aprobadas polos Decretos 129/2006, do 20 de xullo, e 238/2006, do 22 de decembro.

O persoal que teña accedido á condición de fixo polos procesos selectivos tramitados en execución dos referidos Decretos poderá solicitar o grao inicial da correspondente categoría e/ou especialidade a partir da entrada en vigor do

Mesa Sectorial 19/12/2008

presente Decreto, utilizando os modelos de instancia que para tales efectos establece a División de de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

O acceso ao grao I poderá solicitarse tras un período de permanencia de 3 anos e sempre que se acredite unha experiencia profesional de 5 anos. O dito período de permanencia computarase a partir da data da toma de posesión. A experiencia profesional será computada consonte ao previsto no réxime extraordinario de aplicación e no punto 2 da disposición transitoria primeira.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Facúltase á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde para ditas adoptar as medidas pertinentes, no ámbito das súas competencias, para o desenvolvemento e aplicación do disposto no presente Decreto.

Segunda.- Este Decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

□

ANEXO I: BAREMO DE MÉRITOS: PROFESIÓNES SANITARIAS CON TITULACIÓN UNIVERSITARIA

O baremo de méritos estrutúrase nas seguintes áreas:

Área I: Actividade e competencia asistencial

- **Actividade Asistencial:** valoraranse os obxectivos anuais previamente fixados tanto de equipo como individuais, medidos mediante indicadores, a eficiencia na xestión dos recursos, a introdución de innovacións técnicas que melloren a calidade asistencial, redución da variabilidade da práctica clínica, actualización e mellora dos métodos de traballo e procesos e aquelas actividades que se poidan determinar nos Anexos que se publiquen periodicamente.

- **Competencia asistencial:** valoraranse:

a.- As competencias estratéxicas de relación interprofesional e traballo en equipo, compromiso e identificación con Servizo/Unidade, implicación progresiva dos profesionais na xestión dos recursos –xestión clínica–, iniciativa e mellora continua, adaptabilidade ao cambio e aquelas que se expliciten nos anexos.

b.- Competencias específicas correspondentes ao perfil profesional: elaboración de protocolos, guías e vías clínicas, dominio na utilización de técnicas e outras que se estableceran nos Anexos, de acordo ao perfil específico do posto de traballo.

c.- Darase unha importancia singular a interrelación cos usuarios e familiares, destacando dunha forma especial a sensibilidade no trato e a información que se transmite o paciente e familiares , coa finalidade de que sexa o más

comprensible posible e que posibilite que o paciente poida participar activamente na toma de decisións, garantindo así a súa autonomía.

Nesta ÁREA de actividade e competencia asistencial, o 20% dos créditos correspondentes, avaliaranse mediante un informe do Directivo ou Responsable Superior do Servizo ou Unidade. Para cumprimentar este informe utilizarase un cuestionario estandarizado para facilitar e obxectivar a valorización. Estes modelos estandarizados serán presentados ás diferentes comisións para a súa discusión e valoración e será a Comisión de Avaliación Central a que os aprobe.

Cando un profesional non acade o 70% de grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no contrato anual co seu servizo/unidade, non será tido en conta ese ano como válido para acceder ao seguinte grao de carreira profesional.

Área II: formación continuada, docencia e investigación

a.- Formación continuada: valoraranse as actividades de formación acreditadas polo sistema acreditador da formación continuada das profesións sanitarias, relacionadas e específicas do ámbito profesional ou funcional. Valorarase igualmente a actividade formativa acreditada non específica, relacionada cos obxectivos estratéxicos da organización, e a participación activa en comités científicos das sociedades científicas, así como aquelas actividades que establezan nos Anexos correspondentes.

Potenciarase a formación en habilidades e competencias específicas que supoña unha innovación no desempeño do posto de traballo e que estea relacionado cos obxectivos estratéxicos da organización.

b.- Docencia: será obxecto de valoración a docencia pregrao e postgrao e a docencia na formación continuada. Con carácter xeral, enténdese por docencia

a difusión do coñecemento técnico e organizativo dos profesionais sanitarios, polo tanto considerase unha actividade obrigatoria para o conxunto dos traballadores sanitarios por ser considerada esta unha empresa de coñecemento. Inclúese dentro de docencia a realización de titorías, a de colaboradores docentes-asistenciais en prácticas nas que se inclúen a totalidade dos profesionais, as reunións científicas, as sesións clínicas do servizo ou xerais do Hospital, as ponencias, e aquelas outras actividades docentes que se establezan nos Anexos correspondentes.

c.- Investigación: valorarase tanto a participación en actividades de investigación (proxectos de investigación, ensaios clínicos ou estudos postcomercialización debidamente aprobados), a produción científica (orixinais en publicacións con revisión por pares, indexadas ou non, comunicacións a congresos, ponencias con presentación de resultados de investigación, rexistro de patentes ou modelos), participación en redes cooperativas de investigación ou membro de un grupo de investigación reconecido, actividades para a transferencia efectiva dos resultados de investigación á innovación na práctica clínica, a dirección de teses doutorais, posesión da tese de Doutoramento, e aqueles outros que se establecerán nos Anexos correspondentes.

Área III: implicación e compromiso coa organización.

Valorarase o exercicio de funcións de dirección, xefatura, supervisión, e coordinación, a participación en Comités ou Comisións Clínicas, grupos de traballo para a preparación de proxectos, ser membro de Tribunais de selección e/ou provisión, a participación na integración de novos profesionais, ter dedicación exclusiva á organización, a colaboración na cooperación e coordinación entre niveis asistenciais para garantir a continuidade asistencial, a participación en programas especiais, a participación na continuidade asistencial mediante a realización de gardas, dispoñibilidade para a organización, a prestación de servizos en centros comarcais con dificultades

para a provisión de prazas de especialistas, e aqueloutras actividades que se establezan nos Anexos correspondentes.

Para as categorías de licenciados sanitarios, acadarase o 30% dos créditos correspondentes á Área III cando o profesional se atope prestando servizos en réxime de dedicación exclusiva.

O número de créditos máximos que se poden obter en cada grao por cada un dos méritos avaliados, é o seguinte:

Número máximo de créditos por área: persoal licenciado sanitario

Número máximo de créditos licenciados sanitarios					
Áreas		Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
I	Actividade e competencia asistencial	70	65	60	60
II	Formación continuada, docencia e investigación	15	20	25	25
III	Implicación e compromiso coa organización	15	15	15	15
Total		100	100	100	100

Número máximo de créditos por área: persoal diplomado sanitario

Número máximo de créditos diplomados sanitarios					
Áreas		Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
I	Actividade e competencia asistencial	75	70	70	65
II	Formación continuada, docencia e investigación	10	15	15	20
III	Implicación e compromiso coa organización	15	15	15	15
Total		100	100	100	100

Con carácter xeral, para acceder a cada grao haberá que superar cando menos un número mínimo de créditos que para cada grao se sinalan a continuación:

- a.- GRAO I: 60 créditos
- b.- GRAO II: 65 créditos
- c.- GRAO III: 70 créditos
- d.- GRAO IV: 75 créditos

Para o recoñecemento do grao correspondente, será necesario obter cando menos un 30% do número máximo de créditos previstos en cada unha das ÁREAS I, II e III. Por outra banda, os méritos considerados en cada avaliación positiva non poderán utilizarse novamente para acceder a outro grao.

ANEXO II: BAREMO DE MÉRITOS: CATEGORÍAS SANITARIAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Con carácter xeral serán obxecto de avaliación os seguintes elementos, os cales serán desenvolvidos nos anexos correspondentes:

Área I. Actividade e competencia asistencial.-

- A avaliación do desempeño individual, a eficiencia na xestión de recursos, actualización e mellora de métodos de traballo e procesos e aquelas outras actividades que se determine nos anexos correspondentes.

- A relación interprofesional e traballo en equipo, relación co usuario, compromiso e identificación co servizo, iniciativa e mellora continua, adaptabilidade ao cambio e aquelas outras que se determinen nos anexos correspondentes.

Área II. Formación, docencia e investigación

Na avaliación do factor Formación valoraranse as actividades de formación autorizadas, relacionadas e específicas do ámbito profesional ou funcional e a actividade formativa non específica, pero que estea relacionada cos obxectivos estratéxicos da organización, así como aquela outra actividade que se estableza nos anexos correspondentes.

Na avaliación da Actividade docente e investigadora, considerarase a participación como docente en programas de formación continuada acreditada, participación en realización de Protocolos, a contribución aos programas de actualización e formación profesional no ámbito da súa área de coñecemento,

ensinanza de alumnos da mesma categoría, colaboración na investigación e aquelas outras que se establezan nos anexos correspondentes.

Área III.- Implicación e compromiso coa organización

A avaliación do factor implicación e compromiso coa organización, ten como obxectivo estimular a participación do profesional na xestión interna do servizo ou unidade para a mellora da calidade e o compromiso dos profesionais coa organización na que prestan os seus servizos.

Terase en conta a responsabilidade organizativa recoñecida (funcións de dirección, xefatura..), a participación en grupos de traballo para a preparación de proxectos, ser membro de Tribunais de selección e/ou provisión, a participación na integración de novos profesionais, a colaboración na cooperación e coordinación entre niveis asistenciais e aquelas outras actividades que se establezan nos anexos correspondentes.

Número máximo de créditos: categorías sanitarias de formación profesional:

Número máximo de créditos de categorías sanitarias de formación profesional:					
Áreas		Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
I	Actividade e competencia asistencial	75	75	70	70
II	Formación continuada, docencia e investigación	10	10	15	15
III	Implicación e compromiso coa organización	15	15	15	15
Total		100	100	100	100

Con carácter xeral, para acceder a cada grao haberá que superar cando menos un número mínimo de créditos que para cada grao se sinalan a continuación:

- a.- GRAO I: 60 créditos
- b.- GRAO II: 65 créditos
- c.- GRAO III: 70 créditos
- d.- GRAO IV: 75 créditos

Para o recoñecemento do grao correspondente, será necesario obter cando menos un 30% do número máximo de créditos previstos en cada unha das ÁREAS I, II e III. Por outra banda, os méritos considerados en cada avaliación positiva non poderán utilizarse novamente para acceder a outro grao.

ANEXO III: BAREMO DE MÉRITOS: CATEGORÍAS DE XESTIÓN E SERVIZOS

Grupos A e B (Licenciados e Diplomados Universitarios)

Con carácter xeral serán obxecto de avaliación os seguintes elementos, os cales serán desenvolvidos nos anexos correspondentes:

Área I.- Actividade e competencia profesional.

Será obxecto de valoración:

- A avaliación do desempeño individual, a eficiencia na xestión de recursos, a introdución de innovacións técnicas que melloren a calidade do servizo, actualización e mellora de métodos de traballo e procesos e aquelas outras actividades que se determine nos anexos correspondentes.

- A relación interprofesional e traballo en equipo, relación co usuario, compromiso e identificación co servizo, iniciativa e mellora continua, adaptabilidade ao cambio e aquelas outras que se determinen nos anexos correspondentes.

Área II.- Formación, docencia e investigación:

Formación continuada: Se valorarán actividades de formación autorizadas, relacionadas e específicas do ámbito profesional ou funcional e a actividade formativa non específica, pero que estea relacionada cos obxectivos estratéxicos da organización así como aquela outra actividade que se estableza nos anexos correspondentes.

Docencia: entendida por difusión do coñecemento técnico e organizativo, sendo obxecto de valoración a docencia en formación continuada e aqueles outros aspectos que se establezan.

Investigación relacionada co ámbito profesional. Teranse en conta os proxectos de investigación, posesión de tese doutoral, e aqueles outros que se establezan nos anexos correspondentes.

Área III.- Implicación e compromiso coa organización.

Ten como obxectivo estimular a participación do profesional na xestión interna do servizo ou unidade para a mellora da calidade e o compromiso dos profesionais coa organización na que prestan os seus servizos.

Terase en conta a responsabilidade organizativa recoñecida (funcións de dirección, xefatura..), a participación en grupos de traballo para a preparación de proxectos, ser membro de Tribunais de selección e/ou provisión, a participación na integración de novos profesionais, a colaboración na cooperación e coordinación entre niveis asistenciais e aquelas outras actividades que se establezan nos anexos correspondentes.

Número máximo de créditos categorías xestión e servizos (grupos A e B)					
Áreas		Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
I	Actividade e competencia profesional	75	70	70	65
II	Formación continuada, docencia e investigación	10	15	15	20
III	Implicación e compromiso coa organización	15	15	15	15
Total		100	100	100	100

Grupos C, D e E

Área I.- Desempeño do posto.

- A avaliación do desempeño individual, a eficiencia na xestión de recursos, actualización e mellora de métodos de traballo e procesos e aquelas outras actividades que se determine nos anexos correspondentes.

- A relación interprofesional e traballo en equipo, relación co usuario, compromiso e identificación co servizo, iniciativa e mellora continua, adaptabilidade ao cambio e aquelas outras que se determinen nos anexos correspondentes.

Área II.- Formación.

Na avaliación do factor formación teranse en conta as actividades de formación autorizadas, relacionadas e específicas do ámbito profesional ou funcional na actividade formativa non específica, pero que estea relacionada cos obxectivos estratéxicos da organización, así como aquela outra actividade que se estableza nos anexos correspondentes.

Bloque III.- Implicación e compromiso coa organización:

Obxectivo: estimular a participación do profesional na xestión interna do servizo ou unidade para a mellora da calidade e o compromiso dos profesionais coa organización na que prestan os seus servizos.

Terase en conta a responsabilidade organizativa recoñecida (funcións de dirección, xefatura..), a participación en grupos de traballo para a preparación

de proxectos, ser membro de Tribunais de selección e/ou provisión, a participación na integración de novos profesionais e aquelas outras actividades que se establezan nos anexos correspondentes.

Os méritos pertencentes a cada unha destas **ÁREAS**, incluíranse asignándolle uns **créditos**, que teñen a consideración de unidade de medida para valorar os méritos profesionais sanitarios.

O número de créditos máximos que se poden obter en cada grao por cada un dos méritos avaliados e o seguinte:

Número máximo de créditos xestión e servizos (grupos C, D e E)					
Áreas		Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
I	Desempeño do posto	80	80	75	75
II	Formación continuada	10	10	15	15
III	Implicación e compromiso coa organización	10	10	10	10
Total		100	100	100	100

Con carácter xeral, para acceder a cada grao haberá que superar cando menos un número mínimo de créditos que para cada grao se sinalan a continuación:

- a.- GRAO I: 60 créditos
- b.- GRAO II: 65 créditos
- c.- GRAO III: 70 créditos
- d.- GRAO IV: 75 créditos

Para o recoñecemento do grao correspondente, será necesario obter cando menos un 30% do número máximo de créditos previstos en cada unha das ÁREAS I, II e III. Por outra banda, os méritos considerados en cada avaliación positiva non poderán utilizarse novamente para acceder a outro grao.